



**NARÓN**

## CONCELLO DE NARÓN

### Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central - MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/16	GOB19I003E	
<div>5R31 2636 3I2S 0Q4R 12EJ</div>		

### ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do seis de febreiro de dos mil vinte cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, deulle a súa aprobación.

**2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE TITULARIDAD MUNICIPAL INTEGRADAS NA REDE DE BILIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA NO ANO 2025.-** Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Solicitud de subvención á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas ou axencias de*

*lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia para o ano 2025.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, publica no DOG nº 3 de 07/01/2025 a orde de 16 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, e se convoca para o ano 2025*

*Según a orde reguladora, o procedemento de concesión ten a consideración de concorrencia non competitiva, dado que non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión será realizada pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos, conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo como único criterio para a repartición dos fondos o número de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal*

*Co obxecto de poder optar ao financiamento da convocatoria referenciada no parágrafo anterior, o Servizo Sociocomunitario Municipal redacta unha memoria de actividades para participar no programa de dinamización da lectura promovido pola Consellería de Cultura “Ler conta Moito 2025*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.*
- Orde de 16 de decembro de 2024 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, publicada no dog nº 3 de 07/01/2025.*

*Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*1º.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para participar no programa de dinamización da lectura “Ler Conta moito”, ao abeiro da*

convocatoria publicada no dog nº3 de 07/01/2025 a través da orde do 16/12/2024, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia, para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2025, de acordo co seguinte desglose establecido na memoria de actividades elaborada para esta convocatoria polo Servizo Sociocomunitario Municipal :

	Importes	Aplicación orzamentaria para o exercicio 2025
Total do proxecto	1.170,00€	
Achega do concello	292,50€	3321 22799
Subvención solicitada a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude	877,50€	

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria sinalada.

3º.- Nomear a Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relacións desta entidade coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no refente a esta solicitude de subvención.

4º.- o subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080.”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 27/01/2025 (ICO19I000D) o documento ENS19I000S do expediente ENS/2025/3, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES E MELLORA DE COLECCIÓN NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS NO ANO 2025.-** Vista a proposta formulada que di así:

Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Solicitude de subvención á Consellería de Lingua e Xuventude, destinada as entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades

*editoriais en galego e para a mellora de coleccións no ano 2025 (código de procedemento CT235A).*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*A Consellería de Cultura, Llingua e Xuventude no DOG nº 8 de 14/01/2025, publica a orde de 16 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas as entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora de coleccións no ano 2025.*

*A referenciada orde ofrece dúas liñas de financiación que poderán acadar ata o 100% do investimento subvencionable; Unha para a adquisición de novidades editoriais en galego (programa A); E outra para mellora das coleccións bibliográficas (programa B).*

*Co obxecto de solicitar as dúas liñas subvencionables, o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora dúas memorias, nas mesmas, tense en conta o estipulado no artigo 30.1 do articulado, sobre a contía máxima da axuda, en función do número de habitantes, a cal según cifras oficiais publicadas polo Instituto Galego de Estatística no ano 2023 sería a seguinte:*

*- Para a liña A) de Adquisición de Novidades Editoriais en Galego, os concellos que se atopen entre os 30.001 e os 50.000 habitantes o importe máximo a solicitar será de 3.000,00€*

*- Para a liña B) de Mellora das Coleccións Bibliográficas, concellos que se atopen entre os 30.001 e os 50.000 habitantes o importe máximo a solicitar será de 4.000,00€*

*O procedemento de concesión destas subvencións tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva e de acordo coa finalidade e o obxecto dos programas, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que será realizada pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos, conforme o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, tendo como único criterio para a repartición dos fondos a poboación que debe atender o servizo bibliotecario.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*

*-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*

*-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*

*-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*-Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Ley 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Orde de 16 de decembro de 2024 da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, publicada no DOG nº 8 do 14/01/2025.

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para o ano 2025, ao abeiro da orde do 16/12/2024, para a financiación dos dous programas:A) Subvencións para a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico, e B) Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas, de acordo co seguinte desglose:

Importe total dos dous programas :		
Programa A: Adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico.		3.000,00€
Programa B: Mellora de coleccións Bibliográficas.		4.000,00€
Achega do Concello para o exercicio 2025		0,00 €
Subvención solicitada á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude	100%	7.000.00 €

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3321 62900

3º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no referente a esta solicitude de subvención.”

4º.- o subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 75080”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 27/01/2025 (ICO19I000E) o documento ENS19I000T do expediente ENS/2025/6, quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA QUE MODIFICA O PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 4º TRIMESTRE DE 2024 .-** Vista a proposta formulada que di así:

Dáse conta a esta Xunta de Goberno Local, que por resolución da Alcaldía (TES19I00CF), de data 24/01/2025, modificada pola resolución da alcaldía (TES19I00DC), de data 27/01/2025, resolveuse:

“Primeiro. – Avogar con carácter singular a competencia delegada, por Resolución da Alcaldía de 22.06.2023, na Xunta de Goberno Local para a rectificación do acordo de aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024; así como para a aprobación do padrón adicional derivado da mesma.

Segundo.- Rectificar o erro de feito existe no documento de identificación fiscal e no enderezo tributario nas facturas emitidas a nome de OLGA M. VILELA REDONDO e GRUPO INTAF, SL, de tal xeito que onde di:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral
40875	OLGA MARIA VILELA REDONDO	*****	CR/CASTELA ,	8188008NJ6188N0001YF
41162	GRUPO INTAF, SL	B15217649	CR/CEDEIRA , 209 ((Nave) NEODYN SL e TECMAN DL)	5492009NJ6159S0001ER

Debe dicir:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral
40875	OLGA MARIA VILELA REDONDO	*****	CR/CASTELA ,	8188008NJ6188N0001YF
41162	GRUPO INTAF, SL	B15217649	CR/CEDEIRA , 209 (NEODYN SL)	5492009NJ6159S0001ER





## CONCELLO DE NARÓN

Terceiro.- Anular as facturas/liquidacións, que de seguido se indican, incluídas no padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024 aprobado por Resolución de Alcaldía de 20.12.2024, núm. 2433/2024 (do que se deu conta na Xunta de Goberno Local de 26.12.2024) ; emitidas erroneamente ao non terse en conta os acordos notificados á mercantil COSMA con data efectos 01.10.2024:

Número abonado	Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral	Tarifa	Auga	Saneamento baixa	Saneamento alta	Depuración baixa	Depuración alta	Lixo	Aluguer contador	Canon de auga	IVA	total
40885	TALLERES ALVAREZ CAGIAO SL	B15024284	CR/CASTELA , 167 , BJ	5168022NJ6156N0001GF	Industrial I	70,44	41,34	28,84	0,00	27,25	0,00	0,00	2,43	16,79	187,09
33391	JOSÉ DIAZ MONTERO	*****	CR/ CEDEIRA ,		Doméstica	14,09	8,27	5,76	0,00	5,37	14,81	0,00	0,00	3,35	51,65
38562	FOROVE, SL	B15054570	CL/ LAGOAS , KM 1,5 ,N - 6		Industrial III	26,40	15,45	10,78	0,00	10,71	458,94	0,00	2,98	6,33	531,59
						110,93	65,06	45,38	0,0	43,33	473,75	0,0	5,41	26,47	770,33

Cuarto.- Aprobar o PADRÓN ADICIONAL DO 4º TRIMESTRE de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, que comeza por GRUPO INTAF , SL e remata por VICTORIA BOUZA FERNÁNDEZ:

Titular	NIF	Enderezo	Ref_ catastral	Tarifa	Auga	Saneamento baixa	Saneamento alta	Depuración baixa	Depuración alta	Lixo	Aluguer contador	Canon de auga	IVA	total
GRUPO INTAF , SL	B15217649	CR / CEDEIRA , 209 (Nave) TECMAN SL	5492009NJ6159S0001ER	Industrial III						458,94				458,94
MANIPULADOS RL20, SL	B70603931	CL/ LAGOAS , KM 1,5 ,N -6	5587055NJ6158N0001AW	Industrial III	26,40	15,45	10,78	0,00	10,71	458,94	0,00	2,98	6,33	531,59
PROMOCIONES VALDONARÓN , SL	B70018528	RU/CADAVALL , 13 , 2 , B	6176018NJ6167N0006EJ	Doméstica	14,09	8,27	5,76		5,37	27,66	0,00	1,53	3,35	66,03
SÍNCRON MECÁNICA , SL	B70209705	CR / CEDEIRA , 199	5587083NJ6158N0001ZW	Industrial III						458,94				458,94
TALLERES ALVAREZ CAGIAO SL	B15024284	CR/CASTELA , 167 , BJ	5168022NJ6156N0001GF	Industrial I	37,19	21,85	15,22	0,00	14,17	52,04	0,00	0,00	8,84	149,31
VICTORIA BOUZA FERNÁNDEZ	*****	CR/ CEDEIRA ,	5879041NJ6157N0007UF	Doméstica	14,09	8,27	5,76	0,00	5,37	27,66	0,00	1,53	3,35	66,03
Totais					91,77	53,84	37,52	0,00	35,62	1.484,18	0,00	6,04	21,87	1.730,84

Quinto.- Dar traslado do acordo á *Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico SA (COSMA)* para o seu coñecemento e aos efectos oportunos con indicación da súa obriga de notificar individualmente a cada un dos contribuíntes a liquidación correspondente ao PADRÓN ADICIONAL DO 4º TRIMESTRE DE 2024 coa indicación expresa dos prazos e forma de pagamento, así como dos recursos procedentes:

**PRAZO DE PAGAMENTO:** Dende o día seguinte ao da recepción da liquidación de alta e ata o 03.06.2025. Transcorrido este prazo procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema. **A falta de pago no período voluntario sinalado supoñerá a esixencia do canon de auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.**

**LUGARES DE PAGO:** Caixa, sita na oficina da empresa mixta municipal COSMA SA; Contas bancarias abertas nas entidades financeiras ABANCA e BANCO SABADELL

**RECURSOS:** Recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, de acordo co disposto no artigo 14.2 do real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sexto.- Notificar o presente acordo ás interesadas indicándolles que contra o acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter preceptivo recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto no artigo 14.2 do real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da dita resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto, segundo establece o artigo 46.1 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Sétimo.- Ordenar se leven a cabo as operacións e/ou rexistros contables derivadas do acordo.

Oitavo.- Dar conta do acordo á Xunta de Goberno Local aos efectos oportunos.”

Esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, RESOLVE:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos. “

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XANEIRO DE 2025 .-**

(...)

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de xaneiro de 2025, cun total de 186 contribuíntes e por importe de 20.517,25 €.

**Segundo:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrenza, do mes de xaneiro de 2025, cun total de 7 usuarios e por importe de 345,49 €.

**Terceiro:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**Cuarto:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Quinto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en



virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE XANEIRO DE 2025 .-**

(...)

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECIMENTO ACTIVO) do mes de xaneiro de 2025, cun total de 427 contribuintes e por importe de 3.480,05 €.

**Segundo:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4